

Acta da reunión virtual do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Pousada Carballo, José María
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, M. Estrella
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo

Liz Domínguez, Martín

González González, Jaime
Valcárcel Cortés, Ana

ESCUSAN ASISTENCIA

Acta da sesión virtual ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 23 de setembro de 2020, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 23 de setembro de 2020 ás 13:00 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento con obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbese, por asentimento, a acta do día 20 de maio de 2020.

2. Informe do Director.

O Director da a benvida a José María Pousada Carballo pola súa reincorporación.

En relación ás clases presenciais de laboratorio, o Director recorda que segundo o protocolo actual, non se pode admitir no laboratorio a ningún alumno a maiores do número de postos. Ademais, non lle constan problemas ao respecto, e o Xefe de Estudos está pendente do tema. Por último, tamén informa de que está pendente a instalación de mamparas nos laboratorios.

O Director tamén informa de que o Reitor presentoulle aos departamentos unha ferramenta para intentar predecir a medio/longo prazo a incorporación de novo persoal estable á plantilla do Departamento. En vindeiras datas daranse máis detalles, en canto toda a información estea dispoñible.

3. Aprobación, se procede, da modificación do POD 20-21.

O Subdirector informa da incorporación dun novo contratado predoutoral, Moisés Pacheco Lorenzo, quen será tutorizado por Luis Anido Rifón na asignatura Informática: Arquitectura de Ordenadores (60 horas).

Pedro S. Rodríguez quere facer constar a súa disconformidade coa aplicación do decreto Wert de asignación de 280 horas de docencia no caso da incorporación de José María Pousada Carballo, e tamén en casos similares que poidan acontecer no futuro. Tamén quere facer constar que esta opinión non é en ningún caso unha crítica á labor levada a cabo pola dirección do departamento.

O Director suxire preguntar ao Vicerreitor de Profesorado sobre a posible modificación da normativa da Universidade neste tipo de casos. José María Pousada Carballo aproveita para saudar aos asistentes e agradecerlles as súas palabras. Ademais informa de que falou sobre este tema co Reitor e que é un tema que trascende as competencias da dirección do departamento, da que recibiu toda a axuda posible.

Apróbese por asentimento a modificación do POD 20-21.

4. Valoración dos proxectos para as bolsas de colaboración cos departamentos.

O Director informa de que só recibiu unha solicitude dunha alumna de 4º curso, e propón otorgarlle a máxima nota ao seu proxecto relacionado coa asignatura Redes de ordenadores. Dita proposta foi aceptada.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:16 do día 23 de setembro de 2020, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte